



CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN DO ALUMNADO CURSO 2019- 2020

ESO E BACHARELATO

• CRITERIOS DE PROMOCIÓN

- CONVOCATORIA ORDINARIA (XUÑO): O alumnado promocionará na convocatoria ordinaria nos seguintes casos:
 - Cando teña avaliación positiva en todas as materias cursadas
 - Cando teña avaliación negativa como máximo en 1 ou 2 materias, sempre que estas non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.
 - Excepcionalmente poderán promocionar con tres materias suspensas os alumnos cando se cumpran os seguintes requisitos:
 - Que o alumno realizase todas as tarefas asignadas polo profesorado durante o período de alarma
 - Que non teña avaliación negativa simultaneamente en Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou en Lingua castelá e Literatura e Matemáticas

- CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA (SETEMBRO): O alumnado promocionará na convocatoria extraordinaria nos seguintes casos:
 - Cando teña avaliación positiva en todas as materias cursadas
 - Cando teña avaliación negativa como máximo en 1 ou 2 materias, sempre que estas non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.
 - Excepcionalmente poderán promocionar con tres materias suspensas os alumnos cando se cumpran os seguintes requisitos:
 - Que o alumno se presente ás probas extraordinarias de todas as materias con avaliación negativa, e que non teña unha cualificación inferior a 3 puntos en ningunha destas materias
 - Que non teña avaliación negativa simultaneamente en Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou en Lingua castelá e Literatura e Matemáticas

De acordo co art. 23.7 do *DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*, deberán aplicarse ao alumnado que promocioe con materias suspensas, as medidas de atención educativa propostas no consello orientador ao que se refire o citado decreto.

• CRITERIOS DE TITULACIÓN ESO

- CONVOCATORIA ORDINARIA (XUÑO): O alumnado titulará na convocatoria ordinaria nos seguintes casos:
 - Cando teña avaliación positiva en todas as materias cursadas



- Cando teña avaliación negativa como máximo en 1 ou 2 materias, sempre que estas non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.
 - En calquera caso, será necesario que a nota media sexa igual ou superior a cinco(5)
- CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA (SETEMBRO): O alumnado titulará na convocatoria extraordinaria nos seguintes casos:
- Cando teña avaliación positiva en todas as materias cursadas
 - Cando teña avaliación negativa como máximo en 1 ou 2 materias, sempre que estas non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.
 - Excepcionalmente poderán titular con tres materias suspensas os alumnos cando se cumpran os seguintes requisitos:
 - Que o alumno se presente ás probas extraordinarias de todas as materias con avaliación negativa, e que non teña unha cualificación inferior a 3 puntos en ningunha destas materias
 - Que non teña avaliación negativa simultaneamente en Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou en Lingua castelá e Literatura e Matemáticas
 - En todos os casos anteriores, será necesario que a nota media sexa igual ou superior a cinco(5)
- CRITERIOS DE TITULACIÓN BACHARELATO
- CONVOCATORIA ORDINARIA (XUÑO): O alumnado titulará na convocatoria ordinaria nos seguintes casos:
- Cando teña avaliación positiva en todas as materias cursadas
 - Cando teña avaliación negativa como máximo en 1 materia sempre que se cumpran os seguintes requisitos:
 - Que o alumno realice os traballos encomendados durante o período de alarma
 - que non teña unha cualificación inferior a 3 puntos na materia suspensa
 - Será necesario que a nota media sexa igual ou superior a cinco(5)
- CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA (SETEMBRO): O alumnado titulará na convocatoria extraordinaria nos seguintes casos:
- Cando teña avaliación positiva en todas as materias cursadas
 - Cando teña avaliación negativa como máximo en 1 materia sempre que se cumpran os seguintes requisitos:
 - Que o alumno se presente ás probas extraordinarias de todas as materias con avaliación negativa
 - que non teña unha cualificación inferior a 3 puntos na materia suspensa
 - Será necesario que a nota media sexa igual ou superior a cinco(5)



ESA

CRITERIOS DE TITULACIÓN.- O alumnado deberá ter superados tódolos ámbitos de coñecemento para acadar o título en educación secundaria obrigatoria

CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO

- CRITERIOS DE PROMOCIÓN.- Non será de aplicación a limitación establecida na Orde do 12 de xullo de 2011(só se admite a promoción se a suma da duración do módulo ou módulos pendentes non supera as 300 horas).
O equipo docente propón que promocionen a segundo curso cun **máximo de dous módulos** de primeiro sen superar
- CRITERIOS DE TITULACIÓN.- Considerarase que se acadou a competencia xeral do título cando o alumnado supere tódolos módulos do ciclo e realice o módulo de FCT e/ ou de Proxecto.

CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR

- CRITERIOS DE PROMOCIÓN.- Será de aplicación a limitación establecida na Orde do 12 de xullo de 2011: só se admite a promoción se a suma da duración do módulo ou módulos pendentes non supera as 300 horas.
- CRITERIOS DE TITULACIÓN.- Considerarase que se acadou a competencia xeral do título cando o alumnado supere tódolos módulos do ciclo e realice o módulo de FCT e/ ou de Proxecto.

FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

- CRITERIOS DE PROMOCIÓN.-Non será de aplicación a limitación establecida na Orde do 13 de xullo de 2015 (só está permitida a promoción se os módulos profesionais asociados a unidades de competencia pendentes non superan o 20 % do horario semanal e o alumnado supera o módulo de Comunicación e sociedade I ou o módulo de Ciencias Aplicadas I)
O equipo docente propón que promocionen a segundo curso cun **máximo de un módulos** de primeiro sen superar
- CRITERIOS DE TITULACIÓN EN F.P.B..- Considerarase que se acadou a competencia xeral do título cando o alumnado supere tódolos módulos do ciclo e realice o módulo de FCT e/ ou de Proxecto.
- CRITERIOS PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.- O alumnado que obteña o título en Formación Profesional Básica, poderá obter o título de ESO, sempre que o equipo docente considere que o alumno acadou os contidos mínimos esixibles para a obtención do devandito título.